

C.P.I de Cervantes

Código:27002353

Tipo: Centro Público Integrado

Enderezo: Rúa dos colexios,s/n

Localidade: San Román de Cervantes

Código postal:27.664

Concello: Cervantes

Titularidade: Pública

Teléfono: 982364519

Fax: 982 364 519

Correo electrónico: cpi.cervantes@edu.xunta.es

Programación didáctica

Departamento de Orientación

Curso2021/2022

Xefe/a de departamento:
<i>Jose Ramón Leiva Arrojo</i>
Membros do departamento
<i>Sonia Fernández Varela</i> <i>Profesor de pedagogía terapéutica</i>
<i>María Jesús Gil Castro</i> <i>(Titora de ámbito lingüístico-social)</i>
<i>(Titor de ámbito científico-tecnolóxico)</i> <i>Sara Noelia Pereira Costa</i>
<i>Rubén Ceide Martínez (Coordinador de E.I e 1º primaria)</i>
<i>Dona Lucía Lombardía Valiño (Coordinadora de 3º, 4º, 5º de primaria)</i>

A) Introducción / Xustificación

Neste documento o Departamento de Orientación do CPI de Cervantes presenta a programación prevista para levar a cabo no curso 21/22, tendo en conta a lexislación vixente ó respecto, as instrucións da Dirección Xeral para este curso, as necesidades e características reais do centro así como a súa situación actual, e tendo en conta tamén as reflexións levadas a cabo na memoria do pasado curso.

Contextualización do centro

Situación xeográfica: O C.P.I de Cervantes está situado en San Román de Cervantes, no Concello de Cervantes pertencente a provincia de Lugo. É o máis antigo dos colexios da zona e á par o máis importante, tendo en conta as súas instalacións, o número de alumnado matriculado, o seu personal docente, a súa zona de cobertura así como as súas posibilidades de futuro.

Localización dentro da comarca de os Ancares:

Cervantes é un concello lucense pertencente a comarca de Os Ancares, ubicado nun enclave privilexiado pola súa riqueza natural como cultural. Cervantes ten unha superficie de 277.6 km² e 1780 habitantes (2008), distribuídos en 21 parroquias, sendo capital municipal San Román de Cervantes.

Entorno social:

O alumnado é maioritariamente rural, diseminado en multitude de aldeas de media-alta montaña na que o medio de vida preferente encádrase dentro da gandeiría e a agricultura. As infraestruturas sociais do concello son case inexistentes, con escasez de servizos.

Linguas prioritarias:

O galego é a lingua nai.

Análisis socio-económico:

A situación socioeconómica da maior parte das familias pode considerarse medio-baixa, atendendo ós valores medios establecidos a nivel nacional.

Clima:

O clima é rigoroso, coincidente coas características dun clima oceánico de montaña. Os invernos son fríos e longos, con baixas temperaturas e altas precipitacións, ás veces en forma de neve, o que provoca que os nenos non poidan chegar o centro e se suspendan as clases, en varias ocasións ao longo do curso académico.

Oferta no curso 2021/2022

a)Educación Infantil e 1º de primaria

1 alumna de 3 anos, 1 alumna de 4 anos e 2 alumnas de 5.

Educación Primaria (1º primaria):

2 alumnas de 6 anos

3 alumnos de 6 anos

(2º primaria)

Ningún

(3º primaria)

2 alumnas e 1 alumno

(4º primaria)

2 alumnas

(5º primaria)

1 alumna

(6º primaria)

Ningún

c)ESO:

1 aula con 2 alumnas e 1 alumno de 1ºESO

1 aula con 3 alumnas e 1 alumno de 2º ESO

1 aula con 1 alumno e 1 alumna de 3º ESO

1 aula con 4 alumnos e 2 alumnas de 4º ESO

Instalacións

Aulas comúns (Infantil, 2ºe 3º de primaria, 4 e 6º de primaria, 1º,2º,3º e 4º da ESO)

Aula de tecnoloxía

Laboratorio de Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía

Aula de Música

Aula de Educación Plástica e Visual

Aula de Informática

Biblioteca

Aula de TICs.

Aula de Apoio

Departamento de Orientación

Salón de usos múltiples

2 salas de profesores/as

Pavillón polideportivo

Campo de fútbol

Cociña-comedor

Secretaría

Despachos do equipo directivo

Departamentos didácticos:

Existen actualmente 11 departamentos didácticos todos eles unipersonais.

Nº de profesores/as:

O número total é de 16. En Educación infantil e primaria 4 e 12 en Educación secundaria.Ademais da mestra de relixión en Educación Infantil e Primaria e o profesor de relixión da ESO.

Familias

Participación no consello escolar: un representante dos pais/nais

Participación nas decisións educativas dos seus fillos. (reunións co profesorado o longo do curso)

Concello e asistencia social

Participación por parte do Concello en actividades extraescolares e complementarias como actividades deportivas, apoios escolares nos domicilios, actividades extraescolares, excursións, etc.

Sede en San Román.

Centro de desenvolvemento rural ancares

Colaboración entre ambas institucións. O CDR organiza para o alumnado do centro clases de informática, apoios escolares nos domicilios, actividades extraescolares, excursións, etc.

Respecto as actividades que non se fixeron o curso pasado 20-21, pretendemos incorporar este curso algunhas actividades de orientación profesional realizadas de xeito máis sistematizado. Si ben proxectamos reunións online programadas nas que os alumnos/as accedían a unha visita virtual o campus universitario e facultade na que estaban interesados. O curso pasado pola situación epidemiolóxica limitáronse moitísimas actividades. Este curso daráselle continuidade igualmente o tema da formación no centro tomando como referencia as actividades de coeducación e igualdade a través de todos os libros que mercamos o curso pasado para esta temática. Dende o departamento vaise participar nalgún plan proxecta aún por determinar. Tamén continuaremos coa formación e coas actividades do programa de radio.

B) Obxectivos

Como obxectivos principais para este curso propoñemos os seguintes, que consideramos como obxectivos xerais da Orientación e a ter en conta dun xeito permanente.

- Adaptar a intervención do departamento ao protocolo COVID. Involucrarse na implantación das normas sanitarias que garanticen a seguridade no centro educativo e por suposto nas medidas relacionadas coa organización da resposta educativa para aqueles nenos ou nenas que se viron perxudicados polos confinamentos que se deron no seu día.
- Resalta-los aspectos orientadores de educación, atendendo o contorno real onde vive o alumnado, ó futuro que lles espera, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais, de modo que o CPI aporte realmente “Educación para a vida”.
- Contribuir á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa, contribuíndo a unha educación individualizada.
- Axusta-la resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas.
- Favorece-los procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e do sistema de valores.
- Previlas dificultades de aprendizaxe e asistilas cando cheguen a producirse.
- Contribuir á adecuada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa, profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o contorno social.
- Atende-la diversidade de todo o alumnado, axustando a práctica educativa ás súas necesidades e intereses

- Propicia-lo traballo cooperativo do profesorado.
- Favorece-la experimentación con novos métodos de ensino-aprendizaxe; potencia-la innovación educativa e a formación do profesorado.
- Atende-las necesidades de asesoramento do alumnado e das súas familias sobre aspectos que atinxen ó seu futuro académico e profesional.
- Impulsa-la acción tutorial, revisa-lo Plano de Acción tutorial e coordina-la actuación das/dos titores/titoras
- Revisa-lo Plano de orientación académico profesional e coordina-la actuación das/dos titoras/es.
- Dispoñer as medidas axeitadas para atender á diversidade do alumno: medidas de reforzo educativo, adaptacións curriculares

C) Planificación xeral

A.- Metodoloxía e Organización

O Departamento de Orientación actuará da seguinte forma:

- 1.- O D.O. propondrá as actividades de orientación e tutoría do CPI ; así mesmo coordinará á aplicación destas actividades no CPI. Para levar a cabo estas tarefas colaborará con:
 - Equipo Directivo: a través do Xefe de estudos con quen planificará e dirixirá estas actividades. Con este obxectivo, levaranse a cabo tódalas reunións con el que sexan pertinentes.
 - Departamentos Didácticos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica onde están tódolos Departamentos representados por medio dos seus xefes de Departamento.
 - Titores/as, a través das reunións periódicas que sexan necesarias. Estas reunións faranse preferentemente por niveis, é dicir xuntando os titores dun mesmo nivel educativo e así propiciando a coordinación entre eles.
- 2.- Os titores formularán propostas para incluír no PAT (Plano de Acción Tutorial) e no POAP (Plano de orientación académica e Profesional).
- 3.- O xefe do D.O e a profesora de Pedagogía Terapéutica organizarán as medidas de atención á diversidade xunto cos Xefes de estudio. A profesora de Pedagogía Terapéutica planificará ás actividades a levar a cabo co alumnado que presente Necesidades Específicas de apoio educativo, en colaboración coas/cos titoras/es e co resto do profesorado que lles imparte clase.
- 4.- O orientador, e a profesora de PT reuniránse unha vez por semana para favorecer o intercambio de información e a acción coordinada das principais persoas implicadas na orientación. E as reunións do DO ó completo, é dicir, membros con destino no centro realizaranse o longo do curso según as necesidades.

B.- Liñas Prioritarias de acción para este curso

Implantar as medidas do Protocolo COVID, colaborando especialmente na difusión e mantemento de hábitos de saúde e prevención, así como no benestar emocional dos membros da comunidade educativa.

Priorizar o axuste da resposta educativa e dos reforzos dos alumnos con aprendizaxes básicas non acadadas do terceiro trimestre do curso pasado.

- Revisa-las necesidades do Departamento, e seguir dotándoo do material preciso para levar a cabo tarefas de avaliación psicopedagóxica, acción titorial, orientación académica, transición á vida adulta, completar o equipamento informático...
- Revisa-lo Plano de Acción Titorial e introducir as modificacións que se estimen oportunas. Como os pasados cursos, este ano faranse reunións periódicas por niveis cos titores da ESO, e nestas reunións iranse determinando as liñas a seguir nas titorías segundo vaian aparecendo necesidades ó longo do curso, sempre tendo como referencia as liñas xerais do PAT. Tamén se terán como referencia as conclusións das avaliacións das titorías feitas a finais dos cursos pasados: utilizar máis material audiovisual, tratar temas que teñan interese para os rapaces (sexualidade, medioambiente...), intentar que diferentes profesionais veñan a falar con eles sobre diferentes temas, como tabaco, alcohol, anticonceptivos...

Este curso 21/22 todavía no sabemos os plans proxecta que se van a traballar. En principio pensamos traballar o plan proxecta Fitofaladoiro.

- Continuar co Plano de Orientación Académica e Profesional tal como se fixo os cursos pasados, pero engadir novas actividades, recursos, estratexias..., intentando mellorar a formación e información dos distintos sectores da Comunidade Educativa nestes aspectos.

Este curso vou propoñer ao responsable das actividades extraescolares a posibilidade de traballar novos programas de Junior Achievement. Algúns son completamente novos como o tema do aforro e a inversión, ou a análise dun presuposto para anticipar necesidades.

- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica nos temas de índole pedagóxico/didáctico que vaian xurdindo.

Asesorar o equipo directivo sobre a inclusión no PEC das directrices acerca dos distintos protocolos de EDU CONVIVES.

- Analiza-las necesidades educativas do alumnado do CPI, facendo a correspondente avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso. Cremos necesario determinar que cando unha avaliación psicopedagóxica sexa solicitada a finais do curso escolar por un titor e por limitacións de tempo sexa necesaria facela o curso seguinte é preciso que o novo titor do neno, (se é o caso) confirme a necesidade de facerlle esta avaliación psicopedagóxica.
- Asesorar ós Departamentos Didácticos para pór en marcha as actividades de reforzo educativo para o alumnado que o precise.
- Asesorar ó profesorado para o desenvolvemento das Adaptacións Curriculares cos/coas alumnos/as con Necesidades Educativas Especiais.
- Atender e asesorar individualmente ó alumnado que o solicite.
- Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas do centro e do colexio.
- Colaborar co profesorado e co equipo directivo para poder levar á cabo todas estas tarefas e para dar resposta axeitada entre todos ás necesidades que vaian xurdindo.

PROFESOR: JOSÉ RAMÓN LEIVA ARROJO

HORARIO (DE OUTUBRO A MAIO)

	LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45-10:00 TRANSPORTE			9:45-10:00 TRANSPORTE			
10:00-10:50		GARDA	10:00-10:50	ORI		
10:50-11:40		COORD	10:50-11:40	ORI		
11:40-11:45			11:40-11:50			
11:45-12:35		T.P.A.	11:50-12:40	ORI		
12:35-13:25	X.D.	ORI	12:40-13:30			
13:25-13:45			13:30-14:00			
13:45-14:35	GARDA		14:00-14:35			
14:35-15:25	GARDA		14:35-15:25	GARDA		
15:25-16:15	GARDA		15:25-14:15	GARDA		
TRANSPORTE			TRANSPORTE			

HORARIO REDUCIDO (SETEMBRO E XUÑO)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15-9:30 TRANSPORTE					
9:30-10:15		GARDA	ORI		
10:15-11:00		COORD	ORI		
11:00-11:10					
11:10-11:55	X.D.	T.P.A.	ORI		
11:55-12:40	GARDA	ORI			
12:40-13:00					
13:00-13:45	GARDA		GARDA		
13:45-14:30	GARDA		GARDA		
14:30-15:00					
TRANSPORTE					

V.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A nosa intervención decorre en 3 ámbitos, que desenvolvemos a continuación:

- A.- Apoio o Proceso de Ensino/Aprendizaxe
- B.- Plano de acción tutorial
- C.- Plano de orientación académica e profesional

A.- Apoio o Proceso de Ensino/Aprendizaxe

1)Obxectivos

A- A NIVEL DE CENTRO

-Participar, se é o caso, na revisión do PEC e PCC atendendo principalmente ás medidas de atención á diversidade.

-Implantar as directrices contempladas nas medidas de inicio de curso 2021/2022 relativas ao plan de reforzo que será aplicado durante o primeiro trimestre despois de ter analizado o informe individualizado de fin de curso 20/21 e realizada a avaliación inicial.

-Incluir nas programacións didácticas aqueles contidos identificados como necesidades unha vez realizada a avaliación inicial na area ou materia daqueles aprendizaxes imprescindibles impartidos e non impartidos e obxetivos

B- A NIVEL DE PROFESORADO

-Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poden previr dificultades de aprendizaxe

-Asesorar sobre a forma de intervir con alumnos de baixo rendemento

-Asesorar sobre a elaboración de adaptacións curriculares

-Asesorar sobre avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe

-Asesorar sobre entrevistas e reunións con pais

-Asesorar na valoración do aprendizaxe dos alumnos

-Asesorar sobre procedementos e instrumentos de avaliación para determinar o nivel competencial do alumnado tanto en modalidades de ensino presencial e non presencial

C- A NIVEL DE ALUMNADO

-Colaborar na avaliación inicial

-Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso

-Levar a cabo actividades de recuperación, reforzo a adaptación curricular cando sexa preciso

D- A NIVEL DE PAIS

-Axudar ós pais a coñecer o novo Sistema Educativo

-Proporcionar ós pais de alumnos con necesidades educativas especiais as orientación que sexan pertinentes

-Implicar ós pais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos

-Realizar un seguimento do proceso de aprendizaxe na casa no suposto de modalidade de ensino non presencial

2) Metodoloxía

A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica o xefe do Departamento colaborará e asesorará os Departamento Didácticos. E en casos concretos, asesorará directamente ó Departamento cando este se reúna e así o requira.

A profesora de pedagogía terapéutica intervirá directamente co alumnado que o precise; ás veces este profesor acudirá ás clases para dedicar unha atención máis individualizada a algúns alumnos e outras veces sacará ós alumnos fóra da aula para afianzar coñecementos básicos imprescindibles para poder adquirir outros posteriores.

O xefe do Departamento e a profesora de Pedagogía Terapéutica contactará coas familias dos/das alumnos/as que presenten algunha dificultade, e con aquelas que o soliciten.

O xefe do Departamento de Orientación realizará as avaliacións psicopedagóxicas daqueles alumnos que se determinen e realizará o respectivo informe, previo a aplicación das medidas correspondentes.

O xefe do D.O. asesorará, nos temas pedagóxicos á Comisión de Coordinación Pedagóxica que se reunirá polo menos unha vez ó mes.

O xefe do DO e a PT da ESO asistirán ás sesións da avaliación dos alumnos da ESO ,nas cales terá voz pero non voto. O orientador e a PT acudirán ás sesións de avaliación de EI e EP. Posteriormente trataremos os temas falados nestas avaliacións que teñan que ver coa orientación nunha reunión do DO.

3) Actividades

A- 1º TRIMESTRE

Ø Asesorar e colaborar na adaptación das programacións didácticas unha vez analizadas as necesidades dos alumnos/as trala avaliación inicial e os análisis de informes finais do curso pasado.

Organizar o plan de reforzo durante o primeiro trimestre no que se compensen esas eivas nas aprendizaxes imprescindibles non realizadas o curso pasado.

Estudiar aqueles casos de alumnos con necesidades educativas especiais. Ver se teñen ACIs; e se non ven a necesidade ou non de facerlla

- Ø Analiza-las demandas dos profesores referidas ós alumnos con problemas de aprendizaxe ou de calquera outra índole
- Ø Dotar ó DO do material e recursos necesarios para levar a cabo a avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos que o precisen
- Ø Inicia-la avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe
- Ø Asesorar ó profesorado sobre medidas específicas de atención á diversidade de carácter ordinario

B- 2º TRIMESTRE

- Ø Continuar coa avaliación psicopedagóxica dos alumnos que a precisen
- Ø Revisar a efectividade das medidas de reforzo para os alumnos con algúns problemas de aprendizaxe; se non son efectivas propoñer outras
- Ø Facer un seguimento daqueles alumnos que sigan un programa de AC

C- 3º TRIMESTRE

- Ø Análise dos resultados obtidos polos alumnos que seguen un programa de AC. Facer propostas de mellora naqueles casos en que non se consigan alcanzar os obxectivos previstos
- Ø Facer si é necesario as valoracións dos alumnos de 6º de primaria e os seus correspondentes informes para posibilitar que estén exentos de cursar a materia de segunda lingua extranxeira

B.- Plano de acción tutorial

Un dos nosos obxectivos prioritarios, como antes apuntabamos, é o desenvolvemento dun plano de acción tutorial consensuado polo profesorado que desempeña funcións de tutoría, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

1) Metodoloxía

Para a súa elaboración:

A principios de curso organizaranse reunións por niveis dos titores da ESO. Nestas reunións planificaranse as titorías do curso, tendo como base as liñas xerais marcadas polo PAT e tendo en conta as características e necesidades particulares do nivel e do grupo.

Para o seu desenvolvemento

Os titores desenvolverán as actividades planificadas nas súas sesións de tutoría. Periodicamente volverán a reunirse co orientador e a xefa de estudos para revisar o proceso e realizar as modificacións que se estimen oportunas, ou para dar resposta as necesidades e imprevistos que vaian xurdindo.

Os ámbitos de actuación do Plano de Acción Tutorial (PAT) serán os seguintes:

- Alumnas/os considerados individualmente
- O Grupo Clase
- O Equipo Docente
- As familias

2) Obxectivos

Sempre tendo en conta o obxectivo primordial da educación que é o desenvolvemento integral da persoa, dividiremos os obxectivos en xerais e específicos referidos a cada un dos ámbitos de actuación.

Obxectivos Xerais

Centrarse no benestar emocional dos alumnos/as e da comunidade educativa. Dando apoio e asesoramento no que se refire a actividades de xestión de emocións, conciencia plena e atención, estratexias cooperativas...

- Optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Personalizar os procesos de Ensino/Aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.
- Asesorar e axudar o alumnado na súa autoorientación
- Colaborar coas familias no seu labor educativo.

P.A.T. de EDUCACIÓN INFANTIL

1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Dende as tutorías de Educación Infantil, traballamos os seguintes obxectivos relacionados coa adaptación, actitude e socialización:

ACTITUDINAIS:

Interiorizar as normas relacionadas co protocolo Covid respecto aos espazos, sitios fixos nos que sentarse cando se entra, sae, se espera para ir ao comedor ou se vai ao servizo

- Adaptarse aos espazos, rutinas e horarios.
- Manifestar gañas de aprender e implicarse no traballo.

- Mostrar unha actitude positiva na relación co profesorado e o alumnado.

CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS:

- Coñecer e respectar as normas de funcionamento e relación.
- Coñecer e aplicar as normas básicas de hixiene.
- Coñecer e aplicar distintas estratexias de resolución de conflitos.
- Coñecer e practicar hábitos de alimentación adecuados.
- Coñecer e aplicar estratexias para manter a orde e a limpeza nos distintos espazos e materiais.
- Coñecer e aplicar as normas do plano de prevención e de seguridade en xeral.

Tomaremos nota nun rexistro, onde se especificarán máis estes obxectivos.

2.- PLAN DE ACOLLIDA

-Realización dunha xuntanza previa ó inicio das clases, colectiva, coas familias onde se lles dará a documentación oportuna, e información de tipo xeral como aspectos sobre a roupa e calzado axeitado, identificación da mesma, merenda, xoguetes, funcionamento da cooperativa escolar. Neste curso fíxose no exterior do centro gardando a distancia de seguridade por mor da situación de pandemia.

ANTES DE COMENZAR AS CLASES

-Facilitar información escrita as familias con datos de incorporación, horario, etc.
-Estudio da documentación existente sobre o alumnado escolarizado noutros centros e que se incorporen a este colexio.

PRIMEIROS DÍAS DE CLASE

-Flexibilidade no horario.
-Facilitar progresivamente o alumnado o coñecemento da súa aula, dos servicios, zonas de recreo e do resto do centro.
-Facilita-lo coñecemento do alumnado entre sí, o seu lugar na clase, a identificación das súas cousas.
-Entrevista persoal con cada familia na que se cumprimentará un cuestionario dirixido a obter información relevante sobre cada alumno/a.

-Avaliación inicial por parte da titoría.

3-ACTIVIDADES

COS ALUMNOS			
INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Acollida de cada alumno/a da forma o máis personalizada posible facilitándolle o período de adaptación segundo as súas características.	Titor/a	- Facilitar progresivamente ós alumnos/as o coñecemento da súa aula, dos servicios, zonas de recreo e do resto do centro.	Titor/a
- Cumprimentar a documentación dos alumnos	Titor/a	- Facilita-lo coñecemento dos alumnos entre si, o seu lugar na clase e a identificación das súas cousas.	Titor/a
- Realización da avaliación inicial dos alumnos. Prevención e detección de déficits aptitudinais. Detección das necesidades específicas .	Titor/a D. Orientación	- Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: sinceridade, xenerosidade, respecto, orden , limpeza,	Titor/a Profesores
- Organización a principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas.	Titor/a Xefe de estudos D. Orientación	- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: <ul style="list-style-type: none"> • Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores. • Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir. Pedir axuda. Unirse ó xogo de outros. • Habilidades para expresar os sentimentos: Expresar emocións. Recibir emocións. • Defender os seus dereitos. 	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación continua de cada alumno ó longo de todo o curso, para detectar posibles necesidades educativas poñer en marcha as medidas oportunas.	Titor/a Profesores	- Actividades de educación para a saúde. Prevención de drogodependencias	Titor/a
- Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a	Titor/a	- Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto ó grupo de alumnos.	Titor/a
- Control de asistencia dos alumnos			

COS PAIS			
INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Entrevista persoal con cada familia na que se cumprimentará un cuestionario dirixido a obter información relevante sobre cada alumno/a.	Titor/a	- Visita dos alumnos de novo ingreso acompañados por seus pais.	Xefe de estudos Titoras/es Orientadora
- Realización de entrevistas individuais cos pais ó longo do curso, na hora de titoría, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a, e fomentando a colaboración familia-escola.	Titor/a	- Realización dunha xuntanza previa ó inicio das clases, colectiva, cos pais/nais dos alumnos/as para concretar como vai ser o período de acollida.	Titor/a
- Comunicar ós pais as faltas de asistencia	Titor/a	- Reunión dos pais/nais de cada grupo de alumnos/as a cada trimestre.	Titor /a

ACTIVIDADES			
DOS PROFESORES			
INDIVIDUALMENTE	Responsables	EN GRUPO	Responsables
- Planificación da acción tutorial para o presente curso.	Titor/a Orientadora	- Reunión do Xefe de estudos de Educación Primaria, profesorado do Educación Infantil e orientadora para programar a incorporación dos alumnos desta etapa.	Profesores : E. Infantil Xefe estudos de Primaria Orientadora
- Facilitar información relevante sobre as necesidades e características individuais ou do grupo a cada profesor que imparta clase a eses alumnos.	Titor/a	- Formación na acción tutorial	C.C.P.
- Formación na acción tutorial	Cada profesor		

P.A.T DE EDUCACION PRIMARIA

1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Interiorización das normas do protocolo Covid a chegada e saída do centro, uso do comedor, recreos, espacios de espera con cadeiras asignadas a cada persoa, uso e desinfección de material.

- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado sobre todo dos alumnos novos no centro.
- Coñecemento e organización do novo curso.
- Valora-las características e necesidades de cada alumno/ e do grupo.
- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/a para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos
- Ensinar ós alumnos/as técnicas de mellora da aprendizaxe.
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.
- Coordina-la intervención do equipo de profesores/as.
- Potencia-la relación e colaboración familia.-escola

2. CONTIDOS

2.1- PRESENTACIÓN DO NOVO CURSO

- Acollida do profesor/a titor ós alumnos.. Presentación dos novos compañeiros. Presentación dos demais profesores
- Coñecemento do centro por parte dos alumnos novos .
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.

2.2- INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA

- Regulamento de Réxime interno(normas de convivencia). Dereitos e deberes dos alumnos.
- Elaboración dunhas normas propias de aula. Organización e distribución de responsabilidades.
- Habilidades sociais:
 - Pedir e conceder favores
 - Saúdo
 - Compartir

- Habilidades conversacionais
- Habilidades de solución de problemas interpersoais
- Expresar emocións e sentimentos
- Aceptar e rexeitar críticas
- Como formular queixas
- Saber dicir no
- Saber escoitar, etc.

2.3- DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Autoconcepto e Autoestima
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)
- Temas transversais:
 - Educación para a saúde: drogas, alcoholismo,....
 - Educación moral e cívica.
 - Educación sexual
 - Igualdade entre os sexos
 - Educación ambiental
 - Educación do consumidor
 - Educación vial

2.4- AXUDA Ó ESTUDIO

- Condicionantes previos:
 - Actitude ante o estudio
 - Ambiente externo
 - Hábitos
- Organización do estudio
 - Planificación
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Iniciación ó método activo de traballo intelectual
- Análise e conclusións dos resultados das avaliacións .

2.5- ORIENTACIÓN ACADÉMICA

- Sistema educativo
- Información sobre a ESO.

2.6- RELACIÓNS COLEXIO-FAMILIA

- Entrevistas
- Reunións grupais

3. ACTIVIDADES

COS ALUMNOS			
INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Acolliada dos alumnos novos neste centro, facilitándolles o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.	Titor/a	- Presentación do novo curso: áreas e materias, horarios, axenda escolar, etc.	Titor/a Profesores
- Estudio do expediente dos alumnos e recollida de información relevante	Titor/a	- Facilita-lo coñecemento dos alumnos entre si e dos profesores.	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación inicial dos alumnos. Prevención e detección de déficits aptitudinais Detección das necesidades específicas .	Titor/a D. Orientación	- Desenvolvemento de actividades dirixidas a aprender a estudar.	Titor/a Profesores
- Organización a principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas.	Titor/a Xefe de estudos D. Orientación	- Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: sinceridade, xenerosidade, respecto, orden , limpeza,	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos e poñendo en marcha as medidas de atención oportunas.	Titor/a Xefe de estudos D. Orientación Profesores	- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: <ul style="list-style-type: none"> • Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores. • Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir. Pedir axuda. Unirse ó xogo de outros. • Habilidades para expresar os sentimentos: Expresar emocións. Recibir emocións. • Defender os seus dereitos. 	Titor/a Profesores
- Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a	Titor/a	- Actividades de educación para a saúde. Prevención de drogodependencias	Titor/a
- Control de asistencia dos alumnos/as		- Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto ó grupo de alumnos.	Titor/a

ACTIVIDADES COS PAIS			
INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Entrevista do orientador cos pais dos alumnos de novo ingreso no centro no momento de solicitar praza .	Orientadora	- Reunión dos pais/nais de cada grupo de alumnos/as ó principio de curso.	Titor/a Orientador
- Entrevista persoal coa familia dos alumnos dirixida a obter información relevante sobre cada alumno/a e para solicitar a súa colaboración.	Titor/a	- Reunión final co grupo de pais en 6º curso de Educación Primaria	Titor/a Orientador
- Realización de entrevistas individuais cos pais ó longo do curso, na hora de titoría, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a , e fomentando a colaboración familia-escola.	Titor/a		
- Comunicación ós pais das faltas de asistencia .	Titor/a		

ACTIVIDADES DOS PROFESORES			
INDIVIDUALMENTE	Responsables	EN GRUPO	Responsables
- Planificación da acción titorial para o presente curso	Titor/a Orientadora	- Reunións dos equipos docentes, a lo menos unha a á principio de curso e outra en cada trimestre, para facer a avaliación e seguimento do alumnado e avaliando as necesidades de atención que vaian xurdindo.	Xefe de estudos Titor/a Profesores do grupo D. Orientación
- Facilitar información a cada profesor , ó principio do curso e ó longo do mesmo, das características individuais de cada alumno.	Titor/a		
- Formación na acción titorial	Cada profesor	- Formación na acción titorial	C.C.P.

P.A.T. de EDUCACIÓN SECUNDARIA

1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Coidar o benestar emocional da comunidade educativa, así como a interiorización de normas e actitudes responsables ao entrar e saír no recinto escolar, respecto de espazos asignados, lugares fixos nas cadeiras nas que teñen que esperar na transición de tempos e actividades, recreos...

- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado, sobre todo dos alumnos novos no centro.
- Coñecemento e organización do novo curso.
- Valora-las características e necesidades de cada alumno/ e do grupo.
- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/a para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos
- Ensinar ós alumnos/as técnicas de mellora da aprendizaxe.
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.
- Realizar a orientación académica e profesional dos alumnos.
- Coordina-la intervención do equipo de profesores/as.
- Potencia-la relación e colaboración familia.-escola

2- CONTIDOS

2.1- PRESENTACIÓN DO NOVO CURSO

- Coñecemento do centro por parte dos alumnos novos .
- Coñecemento dos compañeiros e do profesorado.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.

2.2- INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA

- Regulamento de Réxime interno(normas de convivencia). Dereitos e deberes dos alumnos.
- Funcións do delegado. Elección de delegado.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.
- Habilidades sociais:
 - Habilidades conversacionais
 - Habilidades de solución de problemas interpersoais
 - Expresar emocións e sentimentos
 - Aceptar e rexeitar críticas
 - Como formular queixas
 - Saber dicir non
 - etc.

2.3- DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Autoconceito e Autoestima
- Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)
- Temas transversais :
 - Educación para a saúde: drogas, alcoholismo,....
 - Educación moral e cívica.
 - Educación sexual
 - Igualdade entre os sexos
 - Educación ambiental
 - Educación do consumidor
 - Educación vial

2.4- AXUDA Ó ESTUDIO

- Condicionantes previos:
 - Actitude ante o estudio
 - Ambiente externo
 - Hábitos
- Organización do estudio
 - Planificación
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Método activo de traballo intelectual
- Preparación e realización de exames
- Comentario sobre os resultados das avaliación

2.5- ORIENTACIÓN ACADÉMICA

- Coñecemento de si mesmo:
 - Actitudes
 - Capacidades
 - Rendemento
- Información:
 - Sistema educativo
 - Optatividade
 - Saídas ó remate da ESO

3- ACTIVIDADES

ACTIVIDADES COS ALUMNOS			
INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Acollida dos alumnos novos neste centro.	Titor/a	- Presentación do novo curso: áreas e materias, horarios, axenda escolar, etc.	Titor/a Profesores
- Estudio do expediente dos alumnos e recollida de información relevante	Titor/a	- Facilita-lo coñecemento dos alumnos entre si e dos novos profesores.	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación inicial dos alumnos.. Detección das necesidades específicas .	Titor/a D. Orientación	- Actividades para a integración e convivencia: <ul style="list-style-type: none"> • Regulamento de Réxime interno(normas de convivencia). Dereitos e deberes dos alumnos. • Funcións do delegado. Elección de delegado. • Elaboración dunhas normas propias de aula. • Habilidades sociais: 	Titor/a
- Organización ó principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas.	Titor/a Xefe de estudos D. Orientación Profesores	- Presentación do departamento de orientación	Titor/a Orientadora
- Entrevistas individuais co alumno	Titor/a Profesores Orientadora	- Desenvolvemento de actividades dirixidas a aprender a estudar.	Titor/a Profesores
- Realización da avaliación continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos e poñendo en marcha as medidas de atención oportunas.	Titor/a Xefe de estudos D. Orientación Profesores	- Desenvolvemento de actividades que potencien valores e actitudes: amizade e compañeirismo, respecto, tolerancia, sinceridade, xenerosidade, respecto, orden , limpeza,	Titor/a Profesores
- Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto a cada alumno/a	Titor/a	- Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social: <ul style="list-style-type: none"> • Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores. • Habilidades para facer amizades; cooperar e compartir. Pedir axuda. . • Habilidades para expresar os sentimentos: Expresar emocións. Recibir emocións. • Defender os seus dereitos.Asertividade. 	Titor/a Profesores
- Control de asistencia dos alumnos/as	Titor/a	- Actividades de educación para a saúde. <ul style="list-style-type: none"> • Prevención de drogodependencias • Educación sexual • Problemas coa alimentación. 	Titor/a D. Orientación Especialistas externos
- Elaboración do consello orientador ó final da etapa	Titor/a D.Orientación	- Actividades de orientación académica e profesional - Temas puntuais de interese e debate - Cumprimenta-la documentación correspondente prescrita na normativa vixente respecto ó grupo de alumnos.	Titor/a D. Orientación Titor/a Profesores Titor/a

ACTIVIDADES COS PAIS

INDIVIDUALMENTE	Responsable	EN GRUPO	Responsable
- Entrevista do orientador cos pais dos alumnos de novo ingreso no centro no momento de solicitar praza .	Orientadora	- Reunión dos pais/nais de cada grupo de alumnos/as ó principio de curso.	Titor/a Orientadora
- Entrevista persoal coa familia dos alumnos dirixida a obter información relevante sobre cada alumno/a e para solicitar a súa colaboración.	Titor/a	- Reunión final co grupo de pais de 4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria.	Titor/a Orientadora
- Realización de entrevistas individuais cos pais ó longo do curso, na hora de titoría, co fin de facer un seguimento continuo do alumnado, informando e asesorando sobre o seu fillo/a , e fomentando a colaboración familia-escola.	Titor/a		
- Comunicación ós pais das faltas de asistencia .	Titor/a		

ACTIVIDADES DOS PROFESORES

INDIVIDUALMENTE	Responsables	EN GRUPO	Responsables
- Planificación da acción tutorial para o presente curso	Titor/a Orientadora	- Reunións dos equipos docentes para:	Xefe de estudos Titor/a Profesores do grupo D. Orientación
- Facilitar información a cada profesor , ó principio do curso e ó longo do mesmo, das características individuais de cada alumno.	Titor/a	<ul style="list-style-type: none"> • Facer a avaliación e seguimento do alumnado , acordando a adopción de medidas de atención que foran precisas tendo en conta o Plan de Atención á Diversidade. • Coordinar estratexias docentes de cara ó grupo de alumnos. 	
- Formación na acción tutorial	Cada profesor	- Formación na acción tutorial	
			C.C.P.

RECURSOS

Recursos Humanos

A función titorial forma parte da función docente, polo tanto implica a participación de tódolos profesores pero principalmente dos titores , coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación dos xefes de estudos.

Contamos con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais:

- Organizacións de prevención da drogadicción:Plan director
- Centro de Planificación Familiar
- Persoal doutros centros (Información Académica e Profesional)

Recursos espaciais

A maior parte da función titorial desenvovese nas propias aulas.

Recursos materiais

O Departamento de Orientación conta con abundante material para o apoio á función titorial:

- Materiais propios da titoría en grupo
- Bibliografía sobre como desenvolver a función titorial
- Bibliografía específica sobre temas específicos a tratar na titoría.
- Materias elaborados polo propio departamento

Algúns destes materiais están no propio departamento e outros na salas de profesores e nas propias titorías.

AVALIACIÓN DO P.A.T.

O Plan de Acción Titorial será aberto e flexible e polo tanto revisable .

Para avaliar este plan servirémonos das conclusións que resulten de ter en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

- Grao de consecución dos obxectivos xerais
- Implicación dos axentes da función titorial
- Coordinación dos axentes da función titorial
- Espacios e tempos para a acción titorial
- Recursos para levar a cabo a acción titorial

C.- Plano de orientación académica e profesional

Este curso prestarase especial atención ao proceso de toma de decisións no itinerario académico e vocacional, desenvolvendo as súas potencialidades para favorecer dito proceso.

Outro dos nosos obxectivos é a revisión e continuación do plano de orientación académica e profesional. Un dos principais puntos de mira é 4º da E.S.O., último curso da Educación Secundaria no que é fundamental tomar unha serie de decisións que serán cruciais para o futuro académico e profesional dos rapaces. Este plano deberá estar presente no proceso de desenvolvemento curricular.

Consideramos a Orientación Académica e Profesional como unha actividade inseparable e integrada no proceso educativo dos alumnos; levárase a cabo nos seguintes ámbitos:

- Nas actividades de ensino/aprendizaxe
- Nas titorías
- No seguimento individual co/coa alumno/a
- No diálogo coas familias
- Nas actividades específicas xerais do centro

1) Metodoloxía

Os principios metodolóxicos que se seguirán partirán da participación activa e dun modelo de traballo colaborativo dos membros do Departamento de Orientación e das/dos titoras/es; utilizaranse os recursos do entorno, partindo dos intereses e necesidades do alumnado, dos profesores e dos pais, fomentando a reflexión e o espírito crítico .

As actividades de Orientación Vocacional e profesional serán impartidas basicamente polo/a profesor/a titor/a nas horas de titoría baixo o asesoramento do Departamento de Orientación do centro, este lle facilitara o/a titor/a a información que desexe sobre as distintas opcións académicas e laborais.

O Departamento de Orientación intervirá directamente en actividades dirixidas ó alumnado, profesorado ou familias, individual ou colectivamente para:

- Aplicar probas de aptitudes, intereses, hábitos de estudio,...
- Informar sobre: carreiras universitarias, ciclos de formación profesional específica, modalidades de bacharelato, materias optativas, saídas laborais,...
- Asesorar individualmente en aspectos académicos ó alumnado.
- Asesorar ás familias sobre as posibilidades futuras do/da alumno/a.

As actividades irán dirixidas polo tanto, igual que a Acción Titorial:

- Ó/á alumno/a considerado individualmente
- O Grupo-Clase
- Ás familias
- Ó profesorado

2) Obxectivos

- Ø Coñecerse a si mesmo: as súas posibilidades e limitacións, para poder tomar decisións axeitadas de cara ó seu futuro académico e Profesional.
- Ø Coñecer o sistema educativo: materias optativas na ESO e no Bacharelato; modalidades de Bacharelato; ciclos formativos de formación profesional; ensinanzas non regradas,...
- Ø Coñecer o sistema socio-laboral: saídas laborais, dereitos e deberes do/a traballador/a; cómo buscar emprego;...
- Ø Coñecer o seu papel na comunidade: asumir os valores da comunidade e manter unha conducta coherente con eles; coñecer os seus recursos; relacionarse cos outros membros de dita comunidade e integrarse nela de forma axeitada.
- Ø Implicar no proceso de orientación a tódolos elementos que forman parte da comunidade escolar: alumnas/os, nais e pais, profesorado,...
- Ø Desenvolver a capacidade crítica, exercitando os hábitos de reflexión e análise do alumnado.
- Ø Asesorar ós profesores sobre como introduci-la orientación académica e profesional nas distintas areas
- Ø Asesorar ós profesores sobre aspectos académicos e profesionais de interese para os alumnos
- Ø Informar e asesorar ós pais sobre as distintas opcións que se lles presentan ós seus fillos
- Ø Asesorar ós pais sobre como apoiar e axudar ós seus fillos no proceso de toma de decisións.

3) Actividades

As actividades temporalizaranse nos tres trimestres ó longo do curso, si ben teremos en conta que as actividades de orientación vocacional e profesional van orientadas prioritariamente ó último dos cursos de cada ciclo na ESO, especialmente en 4º; nestes cursos orientarase individualmente o alumnado dada a transcendencia das súas decisións de cara o seu futuro.

Hai que ter en conta que moitas das actividades do Plano de Orientación Académica e Profesional solápanse coas actividades do Plano de Acción Titorial, de feito os titores desenvolverán o Plano de Orientación nas súas tarefas de tutoría. A continuación vou expoñer algúns exemplos de actividades a desenvolver neste senso, tendo en conta que han de adecuarse ós diferentes niveis e grupo

a) Actividades co grupo-clase

-Actividades integradas nas distintas areas

- § Dotar de sentido práctico estas materias
- § Informar ós alumnos sobre profesións e estudos relacionados coa formación do profesor

-Actividades a realizar nas tutorías

- § Os meus intereses profesionais
- § Aprendo a tomar decisións
- § Que podo facer ó terminar o curso
- § Requisitos das diversas opcións
- § ¿Qué estou disposto a facer ?

-Actividades xerais do centro

- § Visitas a centros de traballo
- § Conferencias de profesionais
- § Visitas a IES da zona onde se imparten bacharelatos

b) Actividades dirixidas ó alumno considerado individualmente

- ∅ Asesoramento por parte do titor nas súas horas de atención ó alumnado
- ∅ Asesoramento por parte do orientador nas súas horas de atención ó alumnado

c) Actividades dirixidas ás familias

- q Asesoramento individualizado por parte do titor nas súas horas de atención a familias
- q Asesoramento individualizado por parte da orientadora nas súas horas de atención ás familias
- q Actividades dirixidas ó colectivo de familias dun mesmo grupo ou nivel.

d) Actividades dirixidas ó profesorado

- .. Asesoramento a través da CCP
- .. Reunións do orientador para informar e asesorar con Departamentos didácticos, titores dun mesmo nivel, profesores dun grupo, tódolos titores...

D) Avaliación do plan

Avaliaremos os obxectivos previamente programados e faranse propostas de mellora para o vindeiro curso.

A xefa de estudos reuniranse co Departamento de Orientación para analizar si se acadaron ou non os obxectivos previstos; para analizar as dificultades que foron xurdindo: ver si se resolveron ou non; que quedou por facer; que se poder engadir ou modificar no próximo curso para mellora-lo programa.

O orientador reunirase cos titores para valorar o desenvolvemento das actividades de titoría levadas a cabo durante o ano e para elaborar propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

Anexo: Programación do departamento de orientación contemplando o escenario de ensinanza semipresencial ou a distancia

O curso pasado durante o confinamento empregamos a aula virtual do centro para levar a cabo actividades cos alumnos sobre todo nas que poidesen atopar información sobre distintos itinerarios formativos e elección de itinerarios, probas de ABAU, convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos, probas acceso ensinanzas de réxime especial etc.

Este curso empregaremos a aula virtual de xeito todavía máis sistematizado, dadas as directrices da consellería no suposto que se teña que implantar unha modalidade semipresencial ou a distancia.

A aula virtual vai a estar organizada por temáticas e tamén ofertará a posibilidade de establecer un foro de participación e discusión co alumnado.

Estableceranse seccións nas que se poidan abordar os distintos obxetivos e contidos do PAT, PAD e POAP.

Dentro do PAT haberá unha sección para traballar actividades relacionadas co benestar emocional no suposto que non se poidese facer de xeito presencial. A través de esos foros de participación realizaremos dinámicas de conciencia plena o mindfulness (exercicios de respiración diafragmática e calma a través da lectura ou escoita de textos en forma de poema ou narrados.

Colgarei tamén información sobre habilidades sociais, diferentes técnicas como o inicio ou finalización dunha conversación, facer cumpridos, aceptar ou formular críticas...

Outra sección estará integrada por actividades de autoestima (estilos asertivo, pasivo e agresivo). Como facer amigos, defender os propios dereitos...

Diferencias entre estilo reactivo e proactivo (percepción dos problemas como unha ameaza ou unha oportunidade...

E importante tamén a sección de coñecemento persoal como pode ser o coñecemento de aptitudes, intereses e valores de cara a facer unha correcta toma de decisións.

Na sección relacionada co plan de atención a diversidade realizarei unha sección na que haxa material de apoio para alumnos que poidan ter problemas coas instrumentais: Follas de autorexistro para levar a cabo o rexistro da velocidade lectora, textos diversos para realizar exercicios de comprensión lectora, modelos para levar a cabo actividades de sintetización da información (mapas conceptuais, esquemas...)

Na sección de orientación profesional vou a colgar material elaborado por mi coa estrutura do sistema educativo, distintas ensinanzas, probas de acceso as mesmas, currículums etc.

Penso colgar tamé algún enlace a páxinas interesantes como poden ser simuladores de entrevistas de traballo, algún modelo para elaborar un currículo, enlaces a páxinas con información sobre orientación profesional como work inside. Notas de corte das universidades, actividades e información sobre a evolución do mercado laboral...

Estas serían as ideas que teño de utilización da aula virtual que xa fun aplicando o curso pasado sobre a marcha.

No que se refire ao asesoramento individualizado e o seguimento dos alumnos e alumnas, especialmente daquelas e daqueles que son alumnos con NEAE, realizarase entrevistas a través de GSuite ou Webex. O curso pasado entregábaselle aos alumnos actividades de reforzo que podían facer relacionadas con distintas necesidades: aqueles que tiñan dificultades ortográficas, preparóuselle material de ortografía visual, actividades relacionadas co plantexamento de problemas matemáticos ou descifrar instrucións escritas.

Coas familias seguirei empregando a plataforma webex para tratar de asesorar sobre as cuestións que me poidan plantexar que o curso pasado foron relacionadas coas asignaturas de bacharelato que se poden escoller, tempos de matriculación nas probas de acceso a ciclos, becas e axudas, posibilidade de cursar ciclos formativos en distintas localidades...

No que se refire a sesións de avaliación online que se fixeron o curso pasado, empregamos o programa webex e tamén o programa GSuite, eso nos permitiu comentar os resultados académicos, a madurez e as competencias profesionais e ver tamén si se estaban entregando os distintos traballos, se o alumno ou alumna se conectaba, se había congruencia entre o que presentaba ou era evidente que llo estaba a facer a familia ou copiaba doutros...

Tamén utilizarei estas redes para desenvolver actividades o proxectos, concretamente o curso pasado realicei as actividades de formación do CEFOR co resto de orientadoras/es da zona a través de plataformas (as sesións que nos faltaban dende marzo). Tamén completamos os proxecta a través destas redes.

ANEXO
PROCEDIMIENTO DE
AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA,
TOMA DE DECISIONS E SEGUIMIENTO

1.- Petición de avaliación psicopedagóxica: A petición de avaliación psicopedagóxica pode vir de calquera membro da comunidade educativa (pais, profesorado, dirección...), pero de calquera xeito de maneira xeral a solicitude se tramitará a través do titor ou titora do alumno, que cubrirá o impreso de solicitude especificando as causas da mesma, e a data de solicitude.

2.- En canto sexa posible, o Departamento de Orientación levará a cabo o proceso de valoración , que de xeito xeral consiste no seguinte:

- Entrevista co titor e/ou profesores de área do alumno para recoller información da súa marcha na clase, estilo de aprendizaxe, motivación, relacións sociais, estilo de ensinanza etc.
- Revisión de toda a información existente: informes médicos e psicopedagóxicos, expediente académico, etc.
- Entrevista cos pais para aportar datos sobre hábitos de estudio do alumno, intereses, expectativas que teñen con respecto a el, relación cos irmáns, etc
- Observación do alumno na aula e no recreo se o problema o require.
- Análise de tarefas do alumno para avaliar aspectos como a grafía, a redacción, a orde e limpeza dos traballos, etc.
- Aplicación das probas psicopedagóxicas que se consideren oportunas para recopilar datos sobre as capacidades e aptitudes do alumno, a súa personalidade, o grao de adaptación ó entorno familiar, social e escolar...
- Contactar con outras persoas, grupos ou asociacións que traten ó neno (Aspaneps, Servicios Sociais, psicólogos...).
- Análise de toda a información obtida e síntese nun informe psicopedagógico incluíndo no informe unhas orientacións pedagóxicas.

3.- Toma de decisións: Tendo en conta as orientacións pedagóxicas arriba mencionadas, se inicia o proceso de toma de decisións, no cal están implicados de maneira xeral os seguintes profesionais: orientador, profesora de Pedagogía Terapéutica , titor do alumno e/ou profesor de área e xefe de estudos si é necesario. A decisión das medidas a tomar poden ser moi variadas, dependendo das características e necesidades do alumno: apoio por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica, reforzo por parte do titor , profesor de área ou departamento, adaptación curricular, apoio por parte do profesor de Audición e Linguaxe, orientacións para os pais etc. As medidas poden ser tamén recomendar a implicación doutros

profesionais alleos ó centro como médicos, psicólogos clínicos, Servicios Sociais..

4.- Seguimento: O seguimento destes alumnos se fará principalmente a través de dous vías: a primeira é a través das reunións semanais do Departamento de Orientación. E a segunda é a través de reunións dos membros do Departamento de Orientación (de forma conxunta ou separada) co resto das persoas implicadas no proceso educativo do neno(titor, pais...), que se levarán a cabo dun xeito periódico.

5.- Como consecuencia do seguimento, e cando o caso o requira, se tomarán as oportunas decisións para axustar as medidas educativas á situación cambiante do alumno. No caso de que a decisión inicial fora que o neno recibira apoio por parte do profesor de Pedagogía Terapéutica a resolución de anular esta medida e en consecuencia deixar de recibir este apoio será tomada polo Departamento de Orientación conxuntamente co titor ou profesor de área do alumno. Esta decisión se tomará cando se considere que o alumno superou as súas dificultades. Por outro lado de maneira xeral un alumno tamén poderá deixar de recibir este apoio cando os pais mostren unha actitude negativa de cara a el, e non acepten que o neno o reciba. De tódolos xeitos esta decisión estará rexistrada por escrito e será asinada polos pais do alumno en cuestión.

6.-Cambio de titor, ciclo ou etapa: Nestes casos o Departamento de Orientación informará ó novo titor sobre os alumnos con necesidades educativas especiais que ten na súa titoría , as características de cada un e as medidas que se están levando a cabo con eles, incluíndo si reciben apoio por parte do profesor de PT .

Co obxectivo de conseguir unha continuidade e unha coherencia nas medidas educativas que precisa un alumno a través do tempo, consideramos que un alumno que recibe apoio por parte da profesor de PT debe continuar recibindo apoio o curso seguinte , aínda que cambie de titor, ciclo ou etapa(sempre que , como xa apuntábamos no punto anterior, o Departamento de Orientación e o titor non tomaran a decisión de prescindir deste apoio por considerar que o alumno ten superadas as súas dificultades). Durante o primeiro trimestre do curso revisarase o caso e decidirse si é necesario ou non que o alumno continúe recibindo este reforzo por parte do profesor de PT.

ANEXO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Plan Director: Charlas sobre drogas e alcohol e violencia de xénero
Cruz Vermella: Obradoiro de sexualidade Cruz vermella de Lugo
Charla sobre as forzas armadas
Junior Achievement (Orienta T)
Programa A Ponte.

Asdo. José Ramón Leiva Arrojo

Xefe do departamento de orientación.

En San Román de Cervantes, 14 de setembro de 2021

